

As profundas raíces rosalianas (das jarchas ós cantares)

Xosé Rubia Barcia

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RUBIA BARCIA, XOSÉ (2012 [1986]). “As profundas raíces rosalianas (das jarchas ós cantares)”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (I). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 179-184. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1701>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RUBIA BARCIA, XOSÉ (1986). “As profundas raíces rosalianas (das jarchas ós cantares)”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (I). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 179-184.

* Edición dispoñíbel desde o 13 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

AS PROFUNDAS RAÍCES ROSALIANAS (DAS JARCHAS ÓS CANTARES)

XOSÉ RUBIA BARCIA

University of California, Los Angeles

No deben separarse lo erudito y el
folklore, porque el saber popular
es cultura, frente viva de ciencia,
en la que todos deberíamos beber
y enseñar a beber a los demás.

Juan de Mairena (1)

Como é máis que sabido no ano de gracia de 1948 publicárase na revista *Al-Andalus* un artigo dun novo investigador xudeo-inglés dando conta do seu achádego de vinte chamadas jarchas ou copliñas ou fragmentos de coplas, que el atopara no Cairo adosadas a poemas máis extensos escritos na lingua hebraica, pero á vez inintelixibles nesa lingua. Samuel Miklos Stern (2), nome que se fixo presto famoso, deu unha interpretación do seu contido no idioma vivo e popular que supoñía comprendido no mundo islámico da Península Ibérica, cohabitado por cristiáns, xudeos e musulmáns. O pouco tempo, o que fora o meu mestre cando eu me adicaba ós estudos arábigos na miña xa lonxana xuventude, engadiu unha maior cantidade de jarchas por el descubertas, como cabeza ou pé, das moaxajas escritas en árabe (3). Desde entón, as teorías da orixe da lírica europea, non só da peninsular ibérica, voltarían a ser motivo de reconsideración e controversia ca posible reafirmación, agora compartida por min, da tese galaica.

O que hoxe oferezo aquí ten que ser por forza un brevísimo resume da parte que darei ampliada, nun dos capítulos do meu próximo libro *Galicia, mater dolorosa*.

As fontes históricas do Islam falan xa de dous tipos de poemas —as moaxajas e os zéjeles— xurdidos no territorio por eles chamado *Al-Andalus*, sen conexión coa súa tradicional poesía. Conven aclarar que para os musulmáns peninsulares o *Al-An-*

(1) Antonio y Manuel Machado, "Juan de Mairena" nas *Obras Completas*, 2ª ed., Madrid, Plenitud, 1951, p. 1026. (Quizais non estea de máis repetir que o pai dos hirmáns Machado era galego e distinguese como eminente folklorista).

(2) Cfr. *Hispano-Arabic Poetry*, Studies by Samuel Miklos Stern, selected and edited by L.P. Harvey, Oxford Clarendon Press, 1974. (Neste volume recóllese a súa total contribución ó problema das jarchas, despois da publicación do primeiro artigo).

(3) Emilio García Gómez, *Las jarchas romances de la serie árabe en su marco*, Madrid, Sociedad de Estudios y Publicaciones, 1965.

dalus abranguía practicamente todo o territorio da Península, anque o nome se limitase co tempo a Andalucía. Fóra dos seus lindeiros ficaba o que eles tamén van chamar a *Chilliquiya*, ou Galicia, a parte non ocupada e non influída por eles, nin política nin culturalmente, situada na banda norte do macizo cantábrico prolongado rumbo o sureste antes de chegar á actual Galicia, mais abarcando parte da rexión miñota do presente Portugal. Ademais tódolos seus habitantes van ser identificados coma *chilliquí* ou galegos. E ambas partes da Península van convivir máis en termos pacíficos ca conflictivos durante máis de trescentos anos, de mediados do século VIII ata o fin do século X. As dificultades de comunicación por terra co extremo noroeste foron cáseque insuperables e só posibles por vía marítima ou polas cercanías da costa atlántica por riba do río Texo.

O asentamento musulmán fixérase sobre unha poboación caracteristicamente urbana, de orixe autótona, que non tardou en acadar un elevado grado de colaboración cos novos gobernantes a partir do establecemento do Califato Omeya. Os visigodos que substituiran ós romanos foron, os mais deles, asimilados totalmente no intre cos Omeyas —xa independentes de Damasco— presidían a creación dunha extraordinaria cultura que chegou a ser a máis adiantada, sen comparanza posible, de todo o Occidente no longo período do Medioevo, unha cultura trirrelixiosa das xentes chamadas en árabe *ahl al-kitab* ou xentes do libro, unificadas polo monoteísmo inherente ós tres libros sagrados: o Vello Testamento, o Novo Testamento e o Corán. Dos tres, o Corán alardeante de tolerancia; o Vello ou Antigo Testamento, carente de afán proselitista; e o Novo Testamento autoconvencido de verdades absolutas diseminadas por unha caste sacerdotal ensoberbecida, pero que no *Al-Andalus* non tardou en pasar a un terceiro lugar de inferior prestixio cultural, incapaz de competir coa súa lingua morta, o latín, fronte á lingua viva do trunfante Islam.

En contraste, no afastado noroeste pervivía dende tempos inmemoriais unha poboación exclusivamente rural, e dos que os seus máis recentes contactos co mundo exterior, rexistrados por testemuños fidedignos, foran con celtas, romanos, suevos e visigodos, sendo os romanos os que lle deran a base sólida e unificante do *sermo rusticus* latino co cal acadou considerable madureza máis cedo que as outras zonas do centro e do norte peninsulares. Ó noroeste chegaron por mar antes que a ningunha outra parte da Península, o monacato oriental e as doutrinas esotéricas da escola alexandrina. Do século IV en adiante a rexión galaica foise afirmando como receptáculo de estímulos alleos que non tardaron en dar froitos cristiáns de alta categoría. V.gr. a fascinante personalidade do supostamente heterodoxo Prisciliano, a asombrosa figura da monxa Ethea ou Egeria que anda que andarás foi soñía á Terra Santa, recorrendo todo o Medio Oriente e inda tivo pulo, antes de morrer, de escribir un diario coas súas experiencias mostrando xa de paso as primeiras significativas desviacións do latín falado en trance de conversión ó galego. Noutras actividades cabería destacar tamén os historiadores Orosio e Idacio e os santos San Fructuoso e San Rosendo, o segundo lexendario creador da Salve en honor á Virxe María que máis adiante cantará tamén o único rei sabio que houbo nas Hespañas, ó que habería que engadir que foi tamén na rexión

galega onde tiveron verificativo os dous primeiros concilios católicos ou universalizantes do mundo postromano peninsular.

Nembargantes os contactos e froitos mencionados, Galicia continuou ironicamente isolada do resto da península e, inda máis, da feble Roma e da xa inaccesible Bizancio. Pero bastante avanzado xa o século VII dáse o curioso caso que conta un monxe anacoreta das montañas galaicas do Bierzo, de nome Valerio, despois San Valerio (m. 695). Na súa apaixonante e orixinalísima autobiografía comenta o gran éxito popular que tivera na parroquia, que el ocupara, o seu presbítero de orixe etíope, cantante e músico de nome Iustus, que a un ilustre arabista da miña universidade californiana (4) lévao a afirmar que só se explicaría porque cantara no que os musulmáns van chamar o “tariqat al-Nasara” ou lingua dos cristiáns que, eu entendo, tería que ser xa a lingua popular, derivada do latín, con incipiente capacidade expresiva e poética, precursora do futuro galego.

A tradicionalmente mal chamada *reconquista* non ten nada que ver coa realidade histórica e, inda menos, nos primeiros 350 anos de real convivencia, xeralmente pacífica, interior e exterior, dentro e fóra do *Al-Andalus*. Unha convivencia non esenta totalmente de ocasionais elementos conflictivos con complicacións derivadas das denominadas “aceifas” ou excursións veraneiras de práctica bélica que os cristiáns de fóra da órbita islámica imitarían, a partir do xurdimento a mediados do século XI, do espírito exclusivista nun bando e no outro, encarnado nos almorávides do sur e nos cruzados de alén Pirineos, precedidos polos cluniacenses primeiros patrocinadores do lexendario Sant Yago Matamouros.

Durante ese longo período que veño chamando de convivencia parece máis que probable que a vía predilecta de comunicación antre o *Al-Andalus* e a Chilliquiya fose a zona comprendida polos ríos Mondego e Miño, vía tamén de paso voluntario ou forzado para as grandes cidades de Sevilla e Córdoba onde irían parar cantidade de homes e mulleres destinados ó servizo no exército califal, ou a mesteres domésticos ou labrantíos e, as máis das mulleres, ós haréns para futuras nais de fillos loiros. Chegou a ser un lugar común dos historiadores andalusíes que os máis apreciados dos numerosos traballadores importados eran os *chilliqí* ós que se atribuían “excelentes condicións morais e grande beleza física” (...) “gozando fama de lanzais, inxeniosos e hábiles (Almacari, *Analectes* I, 92)”. Don Julián Ribera, decano dos modernos arabistas españois engade, con acertada intuición, que cabe mesmo supo-la existencia “dunha lírica galega antiquísima” que os galegos levaran “a Andalucía de onde procede a romanceada andaluza anterior a Abencuzmán” (5).

Outro dato significativo da importancia da presenza dos galegos é o derivado da figura do muladí ou converso, Abd al-Rahman ben Marwan ben Yunus, coñecido polo alcume de Ibn al-Chilliquí, ou sexa, o Fillo do Galego, famoso xa na segunda me-

(4) Gustave von Grunebaum, “‘Lírica románica’ before the Arab conquest”, *Al-Andalus*, XXI (1956), Madrid-Granada.

(5) Julián Ribera y Tarragó, *Disertaciones y opúsculos*, Madrid, Estinaslao Mestre, 1928, Vol. I, pp. 37-38. (Discurso de ingreso na Real Academia lído no ano 1912).

tade do século IX, sendo o seu pai gobernador de Mérida, a antiga capital da Lusitania romana, ó servizo de Abd al-Rahmán II, e o seu avó un Yunus de claro nome non árabe. El mesmo chegou a se-lo arbiter da parte sur do actual Portugal e de toda a Extremadura.

Segundo as fontes máis autorizadas foi no século IX cando se escribiron na lingua árabe as primeiras moaxajas precedidas das inspiradoras jarchas na lingua romance. As que nos chegaron, moito máis tardías, amosan un paralelismo asombroso de estrutura, de temas, de sentimento e de vocabulario coas cancións especialmente as denominadas de *amigo* dos cancioneiros medievais, con autores que veñen a ser con grande maioría galegos de nación. Do anonimato das jarchas romances e de moitas das composicións cantadas no mundo da “convivencia” pasarase a súa expresión literaria en catro linguas: o árabe, o hebreo, o galego-portugués e o provenzal (coa primacía do galego), entre as linguas modernas, deducida do seu prematuro desenvolvemento. Nada hai máis fino, adiantado e cumprido ca poesía dos varios *Cancioneiros galaico-portugueses* —obra mestra da poesía de tódolos tempos— que non cabería explicar sen un proceso lento de cultivo previo durante varios séculos de silencio erudito, cultivo comezado na terra galega e feito estímulo intercambiable, nalgunhas das súas preferencias e valores, coas colindantes manifestacións líricas do provenzal, do catalán e do castelán.

A mutilación de Galicia do seu fillo, Portugal, trouxo como consecuencia, unha vez realizada co pulo intransixente e imperial personificado nos reis Isabel e Fernando, o menosprecio e o abandono do poder central, e o das outras terras peninsulares, co inevitable retorno a un novo isolamento e a súa propia redución ós elementos básicos da vida cotiá, afincados e nunca mortos no espírito colectivo.

Dos séculos XVI ó XIX a nosa Galicia semella adormecer e non dá sinais de vida ó exterior como pobo de cultura e fala distintas. Mesmo é abandonada polo venerable Sant Yago que se embarca nas carabelas colombinas e vai ás terras da América coa encarga de matar agora indios cando antes matara mouros, quizais por decatarse de que recién conseguida certidume da redondez da terra e o feito de que Fisterra non fose xa o cabo do mundo, ía facer superfluas as velas e tradicionais peregrinares que tanto o honraran nos pasados tempos.

Entre os séculos XVI e XIX hai a mesma distancia silenciosa ca entre os séculos IX e XII, e o mesmo fermento de inquedanzas anónimas volverá a materializar de xeito maxistral e a producir, outra vez, novas e renovadas moaxajas e zéjeles, co esquecemento dos vellos nomes, pero seguindo un proceso semellante. O creto máximo dese rexurdimento vaille corresponder á nosa, e de todos, Rosalía que de muller concreta e perecedeira pasará a simbolizar con predestinación significante, loxicamente inexplicable, á nosa Galicia como nai eterna, calco subconsciente da súa vida, das súas preferencias e da súa historia. O que semella un cego destino deixa de selo pola concordancia de vida e obra. As peculiaridades do seu nacemento deslígana xa dos lazos carnaís ordinarios, co seu vacío de nai e de pai, substituído dende moi cedo pola nai-terra e polo pai-ceo, como nos mitos antigos, pero máis acentuados no seu, e no noso, fisterra con camiños tradicionais de augas e de estrelas sempre dispostos para ser

recorridos con pés de azas. Tamén carente de cultura libreira e formal, ás veces deformadora, para así poder escoitar mellor as voces dos sen voz. E Rosalía, inda rapaza sen conciencia histórica e con total ignorancia da tradición subterránea e subcutánea, romperá a cantar e canta con acento e seguridade de séculos ininterrompidos. Ela non pode escoitar, e non escoita, e nin sequera ten oído daquela jarcha popular, repetida nos inicios do século XI, a primeira das recollidas por escrito, polo moaxajero hebreo Joseph al-Katib ou Xosé o Escriba e que dí: “Tant amare, tant amare / habib (= amigo), tant amare / enfermiron ollos nidios / ¡ay! e dolen tan male”, na que andan xuntos o gozo e o sufrimento que ela cantará tamén como nai-natureza con mestura de alegría e pesar, con bágoas de nube e suspiros de vento, sorrisos quentes de sol e matricas de pedra feitos dolmens, esqueletes e seixos, regados polo chan con nostalxia de corpos vivos ou de mortos que non morren de todo para poder voltar ocasionadamente en “santas compañías”. Rosalía tampouco se lembraría nin podería lembrarse, porque inda non se sabía da súa existencia, das composicións recollidas nos vellos *Cancioneiros galaico-portugueses* e particularmente daquela de Fernán Gonzalves de Sanabria na que este poeta galego, falando da muller que quere, comeza dicindo “Quéroll’eu xa sofrer tod’outro male” que non sexa o “d’eu estar muito que non a vexa”, verso o derradeiro que repite en estribote ata tres voltas, como expresión de sempiterna morriña ou saudade do ben perdido, alegría triste no ánimo cantareiro.

Non, non hai dúbida, Rosalía é o cume máximo da integración poética total do espírito e da carne, da alma e do corpo, do ceo e da terra, acadada polo pobo galego en toda unha riquísima gama de emocións. Dos 36 cantares que compoñen o seu primeiro libro, *Cantares Gallegos*, máis da metade inspiráronse na *vox populi*, ás veces sen articulación en palabras intelixibles, ritmos primarios dos alalás, ailelelos ou aturuxos, ou os sons onomatopeicos dos touporroutous, e aínda outros pola poli-ritmia acompañada das muiñeiras, ruadas e pandeiradas en mistura de canto e baile e, inda os máis deles, con palabras de claro significado articuladas harmonicamente e conservadas, repetidas ou creadas pola xente sen nome rexistrado, produto do mesmo pulso que movera antes ós moaxajeros e zejeleros do mundo islámico a izar como vela ó vento unha anónima canción ou un anónimo refrán. Con conciencia pola parte de Rosalía de facelo agora como terra-nai ou nai-terra, ela propia presidindo ás relacións e diálogos entre un el e unha ela, máis ela que el coa superioridade que lle dá a ela o ser fonte de vida nunha sociedade primordialmente matriarcal. De aí a exclusividade das cancións de *amigo*, dun amigo equivalente a compañeiro, despois da sensibilidade sen nai do mundo islámico e antes da idealización sen corpo, virxinal e estéril, do mundo cristián.

Rosalía comeza ese o seu primeiro libro cun poema invocación ó canto dunha “meniña gaiteira” que vai reaparecer ó longo das súas páxinas cos nomes de Rosa e Rosiña e remátao co poema que principia repetindo co pobo “Eu cantar, cantar, cantéi”, un pobo Rosalía, Rosa, Rosiña que non deixará nunca de cantar. A métrica usada, verdadeira cáscara do seu poetizar, é un eco xa afastado procedente en boa parte dos himnos relixiosos cantados nos oficios e festividades de igrexas e mosteiros, como cumpridamente demostrou con grande precisión e exactitude o frade agos-

tiño, Xosé Mouriño (6), uns anos antes da descuberta das jarchas, no seu notable estudio sobre poetas galegos medievais.

No segundo dos poemas do seu libro, Rosalía apuntará xa á súa identificación coa nai-natureza ó explicar por que se chama Rosa, dicindo: “Nasín cando as prantas nasen / no mes das froles nasín / nunha alborada mainiña / nunha alborada do abril”. E cáseque ó final do libro, o poema XXXII, escomeza e remata ca popularísima copla “Como chove miudiño / como miudiño chove / como chove miudiño” en reiteración melancónica do orballar acariciador e cubridor como “gasa” de doces bágoas, lembrándose dos que viven lonxe da terra-nai, deste xeito: “Os que son nela nados / os que son dela mimados / lonxe dela están doridos / porque van de amor feridos / por quén fono amamantados” (...) “¡Probe nai, canto te quero! / ¡Nai tamén –ai– da nai miña! / O teu chan de amor prefiero / a canto hai grande ou severo / en toda a terra xuntiña”.

Este primeiro libro de Rosalía é, no máis profundo dos sentidos, unha radical homenaxe dela ó xenio creador da Galicia, emprestandolle a súa *vox* herdada ca eliminación da propia intimidade para revelar e poñer no primeiro plano á sensibilidade colectiva. Dez anos máis tarde publicará *Follas Novas*, alarde xa da súa exquisita intimidade, verténdose toda hacia fóra para que os seus paisáns adprenderan a verterse eles mesmos hacia adentro. E despois, cáseque ó fin da súa corta vida, sentarase nos barandales do río Sar –río da vida sen fronteiras– que antes de arribar ó epiceno mar fertilizará á ría –peculiaridade galaica– e xa no meio da vida universal bañará outras costas da man da patrilíngua castelán, co título de *A orillas del Sar*.

Ficaréi xa esta miña comunicación de hoxe co testemuño esaltatorio, non dun galego, senón dun extranxeiro, Gerald Brenan, autor dunha historia da literatura do pobo español, naquel confesa non ter ningunha dúbida de que se a poesía de Rosalía fóra máis lida e mellor coñecida, Rosalía “sería estimada a máis importante muller poeta de tempos modernos” (7).

(6) P. José Mouriño, *La literatura medieval en Galicia*, prólogo del P. Bruno Ibeas, Madrid, C.I.A.P., (s.f.) [1929]. Biblioteca de Estudios Gallegos, dirigida por Don Alvaro de las Casas, vol. III.

(7) Gerald Brenan, *The Literature of the Spanish People. From the Roman times to the Present* (1st. ed. published in 1951 at the Cambridge Univ. Press), Cleveland, Ohio: A Meridian book, 4th. Printing. (Testualmente dí en ingles: ... “she would, I feel sure, be recognized as the greatest woman poet of modern times.”) p. 350.